



**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR
SERVICIOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES, SE
HOUBERA DE EMPREGARSE DUN XEITO OBRIGATORIO, E SERVICIOS DE INSPECCIÓN EN
MATERIA DE ABASTOS, INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR.**

Nº 25

Artigo 1. Natureza e fundamento

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, do 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, do 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da **Taxa por servicios de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrexas de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servicios de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.**

Artigo 2. Feito imponible

Constitúen o feito imponible da Taxa a prestación dos servicios de matadoiro, lonxas e mercados, así como a carrexas de carnes, se houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servicios de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa da taxa.

Artigo 4. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.



Artigo 6. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 7. Dereito a percibir

a) Cando se trate de servicios non periódicos:

Tense dereito a percibi-la taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servicio ou actividade.

b) Cando se trate de servicios periódicos:

Tense dereito a percibi-la taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto cando se produza a alta no padrón, caso no que a percepción se producirá a partir dese mesmo mes.

Artigo 8. Liquidación

a) Cando se trate de servicios non periódicos:

- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude de prestación, liquidarase nese mesmo momento ou no momento posterior, pero sempre antes de presta-lo servicio ou de realiza-la actividade.
- Cando se trate de servicios ou actividades cunha liquidación que non se poida cuantificar no momento de presenta-la solicitude da prestación do servicio ou da realización da actividade, practicarase a liquidación unha vez prestado o servicio ou realizada a actividade.
- Se realiza a prestación do servicio ou a actividade sen mediar solicitude, liquidarase e notificarase a taxa tan pronto se detecte esta situación, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

b) Cando se trate de servicios periódicos:

Practicarase a liquidación única anual ou coa periodicidade que se determine nas tarifas desta taxa.



Artigo 9. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que se poida efectuar antes de presta-lo servizo ou de levar a cabo a actividade, realizarase o ingreso antes da prestación do servizo ou realización da actividade na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que se sinalen na liquidación.
- Cando se trate de liquidacións cunha cuantificación que non se poida efectuar con anterioridade á prestación do servizo ou realización da actividade, farase o ingreso nos prazos e lugares que se sinalen na liquidación.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

- Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

Artigo 10. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 11. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na prestación dos servizos que se citan no artigo segundo desta ordenanza, deberán presentar solicitude por escrito na que se detalle o tipo de servizo e o lugar para o que se solicita e os demais requisitos que esixa o concello.
- Unha vez autorizada a prestación do servizo entenderase prorrogado mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado, a non ser que se trate de servizos non periódicos.
- Cando remate a necesidade do servizo periódico, por cambio de propietario, etc., os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó da súa presentación, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Cando existan os convenios de colaboración ós que fai referencia o artigo 27.2 da Lei 39/88, do 28 de decembro, os procedementos de liquidación e recadación regulados nos artigos 8 e 9 desta ordenanza cederán ante a regulación prevista nos convenios.



DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o 23.11.1998, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Publicación B.O.P. : 3-02-1999

Modificacións realizadas:

	Acordo	Publicación B.O.P.
1ª	Pleno 08.03.2002	11.06.2002
2ª (Servizo Matadoiro)	Pleno 08.11.2004	30.12.2004
3ª	Pleno 10.11.2005	29.12.2005
4ª	Pleno 13.11.2006	30.12.2006
5ª	Pleno 05.10.2007	11.12.2007
6ª	Pleno 02.10.2008	10.12.2008
7ª	Pleno 02.10.2014	18.12.2014

ANEXO

Primeiro. Tarifas

I. Servizo do Matadoiro:

Concepto	€ / Kg.
Canal de vacún e porcino a pé de camión	0,12
Ovino, ata 10 Kg. De canal	3,07
Ovino máis de 10 Kg.	0,27
Vacún, limpeza bandullos e patas	0,02
Transporte en camión frigorífico	0,25

Non se cobrará o servizo de frío en 24 horas, pasadas as mesmas, cobrarase 0,02 €/Kg. Canal ata un máximo de 6 días, a partir dos que haberá que retirar a carne.

II. Servizos na Praza de Abastos:

TARIFA 1.- Casetas:

As casetas pagarán a cantidade anual de 22,35 euros por m² de local, a cantidade resultante dividirase en doce partes efectuándose os cobramentos por trimestres vencidos.

TARIFA 2.- Bancadas:

Pola ocupación eventual de bancadas establécese a cantidade de 1,51 euros por metro lineal e día. A ocupación só poderá ser por módulos completos.



TARIFA 3.- Outras ocupacións:

Pola ocupación con produtos do campo doutros espazos libres, establécese a cantidade de 0,42 euros por metro cadrado e día.

TARIFA 4.- Traspasos:

O Concello participará nos traspasos de casetas nunha porcentaxe do 20 por cento do importe do mesmo. O titular da caseta terá que comunicar ó Concello o importe do traspaso con anterioridade á súa formalización. O Concello, nun prazo de 20 días, comunicará ó interesado se acepta o traspaso ou exercita o dereito de tanteo, aboando ó interesado a cantidade que corresponda.

Os traspasos realizados sen cumprir este requisito serán nulos e o titular da caseta perderá tódolos dereitos, quedando rescindida a concesión sen dereito a ningunha indemnización.

Segundo. Outras normas especiais de xestión

I. SERVICIO DO MATODOIRO

- 1) Os suxeitos pasivos interesados na utilización dos servizos, instalacións ou bens, solicitarano directamente do funcionario encargado do Matadoiro, quen indicará o momento no que poderán seren utilizados.
- 2) As cotas polos servizos regulados na presente ordenanza liquidaranse polo acto ou servizo prestado, e o seu pagamento deberá facerse no momento da utilización do servizo. Previo convenio suscrito polos usuarios habituais, a Alcaldía poderá autoriza-la realización de pagamentos mensuais, por tódolos servizos utilizados durante o período, esixindo a garantía oportuna.

II. SERVICIOS NA PRAZA DE ABASTOS

- 1) Formas de utilización:
 - Postos fixos, en locais pechados, con utilización permanente.
 - Postos fixos, en locais abertos, con utilización permanente.
 - Postos por día, nas bancadas xerais.
- 2) As cantidades esixibles con arranxo as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.
- 3) As concesións de uso e disfrute de instalacións dispoñibles outorgaranse provisionalmente a petición da parte interesada pola Comisión de Goberno ou polo Sr. Alcalde, e con carácter permanente a medio de subhasta que se celebrará segundo o establecido na normativa legal aplicable á Administración Local.

- 4) O encargado do mercado remitirá no primeiro mes de cada exercicio relación de tódolos obrigados ó pagamento por instalacións fixas, indicando a súa numeración, destino e cota sinalada, para que a Intervención municipal poida computalas cos antecedentes da súa oficina.

Remitirá, así mesmo, mensualmente relación de altas e baixas ocorridas con expresión das datas que tivesen lugar.

- 5) As persoas interesadas en ocupar postos por día, solicitarano ó encargado do mercado, quen sinalará o lugar e efectuará o cobramento da taxa ó momento da ocupación.
- 6) As concesións de uso e disfrute de calquera natureza consideraranse caducadas, declarándose dispoñibles as instalacións en calquera dos seguintes casos:
- a) A petición dos adxudicatarios.
 - b) "Mortis Causa", salvo o disposto no artigo 12.
 - c) A causa do incumprimento por parte dos concesionarios das obrigas de orde sanitaria e das que sinale o texto desta Ordenanza e demais disposicións aplicables.
 - d) Por falla de pagamento de calesquera dereitos ó Concello adebedados por razón da industria que na instalación se exerza, ou polo retraso en verificalo por espacio de tempo superior a un mes.
 - e) Cando transcorran máis de sesenta días en proceder á posta en marcha da industria para a que foi adxudicada unha instalación, ou se suspenda o seu exercicio polo mesmo período de tempo.
 - f) Polo incumprimento de calquera outras obrigas acordadas ou que se acorden no sucesivo.

Nos casos da letra e) non terá efecto a caducidade da concesión cando se estea ó corrente no pagamento dos dereitos e non sexa solicitada por outras persoas a utilización das casetas para vendas.

Tanto cando se trate de declara-la caducidade dunha instalación, como cando se pretenda deixala sen efecto, será o previo acordo do Concello, visto o informe do Interventor.

Os adxudicatarios que sexan desposuídos dos seus dereitos polos motivos arriba sinalados non terán dereito a indemnización ningunha.

O encargado da Praza de Abastos cando se dean circunstancias que orixinen a caducidade das concesión, comunicarao tan pronto como as advirta á Administración de Rendas e á Intervención.